

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 18 DE ABRIL DE 2013,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se dispón que cese Antonio Boné Pina como director do Instituto Galego de Vivenda e Solo.
- Decreto polo que se nomea a Teresa María Gutiérrez López como directora do Instituto Galego de Vivenda e Solo.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se establece o currículo dos ciclos inicial e final de grao medio correspondentes ao título de técnico deportivo en mergullo deportivo con escafandro autónomo.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Val do Dubra para a execución da obra: EDAR e saneamento en Portomouro. Val do Dubra (A Coruña), clave OH.315.964, por importe de novecentos noventa e nove mil cento corenta e seis euros con oitenta e tres céntimos (999.146,83 euros).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para adquirir compromisos de carácter plurianual ao abeiro do artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, de 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na orde pola que se regulan as axudas económicas para a atención á primeira infancia en escolas infantís 0-3 non sostidas con fondos públicos a través do Programa Cheque Infantil, e se procede á súa

convocatoria, por un importe total de un millón catrocentos quince mil corenta e dous euros con dez céntimos (1.415.042,10 euros).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o proxecto de orde pola que se regula a xornada e horario de traballo, a flexibilidade horaria e o teletraballo no eido da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre o resultado dos proxectos presentados á segunda convocatoria de ININTERCONNECTA.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre atención a pacientes polimedicados: Informe 2012.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Informe sobre o proxecto de Resolución da Dirección Xeral de Emprego e Formación, pola que se convocan probas de avaliación en competencias clave para acceder ás accións formativas dos novos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación dentro da formación profesional para o emprego na Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Informe sobre a declaración da Comunidade Autónoma de Galicia como oficialmente indemne de brucelose ovina e cabrúa (conforme o anexo A da Directiva 91/68 CEE).

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A TERESA GUTIÉRREZ NOVA DIRECTORA DO INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO

- ***Substitúe no posto a Antonio Boné, que cesa por petición propia tras dirixir o IGVS desde mediados do 2009***

O Consello da Xunta nomeou hoxe a enxeñeira Teresa María Gutiérrez López como nova directora do Instituto Galego de Vivenda e Solo, substituíndo no posto a Antonio Boné Pina, que cesa tamén no día de hoxe por petición propia logo de dirixir o IGVS durante toda a pasada lexislatura e os primeiros meses desta lexislatura.

Durante a xestión de Boné acadáronse importantes obxectivos en materia de vivenda e solo como a modificación do Rexistro Único de Demandantes de Vivenda Protexida, a creación do Rexistro de Demandantes de Solo Empresarial, a aprobación das Normas de Habitabilidade ou a creación do Programa Aluga.

Tamén se creou Área de Rehabilitación do Camiño de Santiago, primeira ARI en todo o Estado que engloba máis de 100 concellos de toda Galicia e, a mediados do pasado ano, entrou en vigor a nova Lei de vivenda. Ademais, o Instituto entregou desde o ano 2009 arredor de 1.500 vivendas de promoción pública, tanto en réxime de alugamento como de compra-venda, e na actualidade está a construír máis de 400 inmobles deste tipo

Unha das primeiras medidas levadas a cabo polo IGVS nesta lexislatura foi a elaboración e posta en marcha do Plan de realoxo de afectados por execucións hipotecarias, que situou a Galicia como unha comunidade pioneira neste tipo de iniciativas.

A nova directora do IGVS incorpórase á fronte do Instituto con diferentes retos na súa carteira, como a culminación da fusión das catro xestures provinciais nun só organismo de carácter autonómico e o impulso dos obxectivos do novo Plan de Vivenda 2013-2016, aprobado polo Consello de Ministros o pasado 5 de abril.

Teresa Gutiérrez é enxeñeira de camiños, canles e portos e leva dende o ano 1990 desempeñando diversas tarefas de xestión no ámbito da empresa privada e, desde o ano 2003, na Administración pública galega.

A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN REGULA POR PRIMEIRA VEZ AS ENSEÑANZAS DEPORTIVAS DE MERGULLO, DANDO RESPONSA ÁS NECESIDADES DUN SECTOR DE GRAN IMPLANTACIÓN EN GALICIA

- ***O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao plan de estudos de técnico en mergullo deportivo con escafandro autónomo, unha titulación de nova creación***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dará un novo impulso ás ensinanzas deportivas a través da publicación do currículo do título de nova creación, de técnico en mergullo deportivo con escafandro autónomo. Así hoxe o Consello da Xunta deu o visto e praxe ao novo currículo de título que procura a capacitación dos futuros técnicos deportivos en mergullo deportivo con escafandro autónomo para o desenvolvemento das súas funcións, a través da adquisición e perfeccionamento das súas competencias profesionais.

O establecemento deste currículo facilitará a formación de profesionais neste eido, cun equilibrio entre o carácter teórico e práctico, de maneira que o proceso de formación se vincule á realidade social e laboral no ámbito do mergullo deportivo con escafandro autónomo, un sector con moita implantación en Galicia.

Mergullo deportivo

As ensinanzas conducentes ao título de técnico deportivo en mergullo deportivo con escafandro autónomo contará con dúas especializacións, unha delas en mergullo en apnea e a outras en mergullo deportivo con escafandro autónomo infantil.

Ao final do ciclo formativo os titulados terán adquirido as competencias para organizar, adaptar, dirixir e impartir cursos para a obtención de titulacións de mergullador deportivo en augas abertas ata 5 atmosferas de presión; así como para organizar actividades de descubrimento de mergullo deportivo. Ademais, o ciclo capacitaraos para xestionar os recursos materiais necesarios e coordinar as actividades do persoal técnico, en condicións de seguridade e co nivel óptimo de calidade.

Os titulados desenvolverán o seu traballo no sector do mergullo deportivo, tanto nas administracións públicas como en entidades de carácter privado, en padroados deportivos, entidades deportivas municipais, federacións e clubs deportivos e sociais, escolas de mergullo, centros turísticos ou en empresas que oferten cursos para a obtención de títulos de mergullador deportivo e excursións para realizar inmersiones. Así mesmo, poderán desenvolver a súa actividade en centros educativos e en empresas de servizos de actividades extraescolares que ofrezan bautismos de mergullo.

Neste sector poderán desempeñar, entre outras ocupacións, as de instrutor de mergullo, coordinador de actividades de centro turístico de mergullo, xefe de estudos de escola de mergullo, guía en inmersiones de mergullo deportivo, monitor de «bautismos» de

mergullo, ou mergullador de apoio e seguridade en cursos de formación e en competicións de deportes subacuáticos.

A XUNTA DE GALICIA INVESTIRÁ UN MILLÓN DE EUROS NA EXECUCIÓN DUNHA DEPURADORA EN PORTOMOURO QUE EVITARÁ VERTE DURAS AOS RÍOS TAMBRE E DUBRA

- *As obras, que están incluídas no Plan hidrolóxico de Galicia-Costa, mellorarán o saneamento dos núcleos de Xermán, Portomouro e A Igrexa*
- *A nova depuradora situarase no lugar de Vesada e completarse coa execución de tres quilómetros de colectores*
- *O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio co Concello de Val do Dubra que permitirá levar a cabo esta actuación*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o concello coruñés de Val do Dubra, co fin de levar a cabo o financiamento e execución da estación depuradora de augas residuais de Portomouro. A mellora no servizo de saneamento dotará os núcleos de Xermán, Portomouro e A Igrexa dunha nova rede separativa de augas residuais, que conectará coa existente e conducirá as augas á nova EDAR co obxectivo de evitar as verteduras directas aos ríos Dubra e Tambre.

Estas actuacións encóntranse incluídas no Plan hidrolóxico de Galicia-Costa, e contarán cun orzamento total 999.1496,83 euros que executará a Xunta de Galicia a través do ente público Augas de Galicia. Este investimento conta con fondos FEDER cofinanciados con fondos propios da Xunta obtidos a través do canon da auga.

Na actualidade o núcleo de Portomouro dispón dun sistema separativo de saneamento entre ambas as marxes da rúa das Entrepontes que, á altura do cruzamento entre a estrada AC-404 e a DP-1914, recolle os caudais de pluviais e residuais nun mesmo pozo que desaugan ao río Dubra por terreo particular. Para emendalo colocaranse novos colectores de tubaxe de PVC nunha lonxitude de case 3 quilómetros que irán por ambas as marxes da rúa. Fóra da travesía irán polo polo exterior da plataforma da vía e no resto do trazado irán polo eixe da calzada. Ademais, incluíranse seis cámaras de descarga automáticas para limpeza dos colectores.

Ademais disto, será preciso a execución de dous bombeos na nova rede para recoller as augas residuais do colexio, que actualmente verten ao río Dubra, e as da rúa Rueiro da zona sur do núcleo de Portomouro.

Finalmente executarase unha EDAR nova no lugar de Besada para tratar este tipo de augas recibidas desde a nova rede e evitar futuras verteduras directas aos ríos Dubra e Tambre. Contará cun caudal medio de 163,81 m³/día e máximo 491,44 m³/día. A liña de tratamento constará de pretratamento, decantador-dixestor primario con depósito de flotantes e decantador-dixestor secundario con recirculación.

As obras comezarán durante este mesmo ano 2013 e estarán finalizadas as mediados de 2015. Unha vez rematadas será responsabilidade do concello asumir a conservación e mantemento das infraestruturas resultantes.

Colaboración entre administracións

Con este convenio formalízase a axuda técnica financeira entre ambas as administracións, que responde á necesidade de establecer unha colaboración coas entidades locais que teñen un orzamento insuficiente para o desenvolvemento deste tipo de obras. O alcalde de Val do Dubra solicitou ao ente público dependente da Consellería de Medio Ambiente o financiamento do 100% da obra.

A ORDE DO CHEQUE INFANTIL CONTARÁ CUN ORZAMENTO DE 1,4 MILLÓNS DE EUROS PARA FINANCIAR ATA UNHAS 1.000 PRAZAS DE 0-3 ANOS

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe esta convocatoria, que permitirá ás familias contar cunha axuda para acudir a calquera escola infantil privada que escollan***
- ***Esta ano consolídase o cambio iniciado o ano pasado, polo que agora son os beneficiarios os que perciben directamente a subvención para acceder a escola que elixan***
- ***Anteriormente, só se podía acceder aos centros que estaban adscritos a este programa e eran os centros os que recibían a subvención***
- ***A contía que percibirán os usuarios por cada praza de xornada completa oscilará entre os 45 euros mensuais das rendas máis altas e os 250 euros para as rendas máis baixas***
- ***Este ano adiántanse os prazos de presentación de solicitudes co obxectivo de que as resolucións estean listas no mes de xullo***

A orde do cheque infantil estará dotada no curso 2013/14 cun orzamento de 1,4 millóns de euros. Con este investimento, poderanse financiar ata unhas 1.000 prazas de 0-3 anos en escolas infantís privadas destinadas a aquelas persoas que non resultasen adxudicatarias dunha praza pública, ou ben para aquelas familias que residen nunha localidade en que non existen instalacións sostidas con fondos públicos.

O Consello da Xunta autorizou hoxe esta convocatoria, que consolida o cambio iniciado na orde publicada en 2012. Desde o pasado curso os pais e nais poden elixir sen restricións o centro no que matriculan os seus fillos, xa que son agora as familias as que perciben directamente esta contía a través dun bono mensual. Anteriormente os beneficiarios só podían acceder unha praza nalgún das instalacións adscritas a este programa, posto que eran as propias escolas as que recibían a subvención.

Esta nova forma de aboamento da axuda permite ás familias conseguir unha maior flexibilidade ao poder escoller calquera centro, sempre que estea autorizado.

A contía que se vai percibir varía en función da renda, e oscila entre os 45 euros mensuais e os 250 euros no caso da xornada completa con comedor. Por esta razón, o número total de beneficiarios –que adoita ser de 1.000- pode variar en función de cal sexa a renda das familias que soliciten cada ano estas axudas.

Unha vez concedida, só se pode variar o tipo de servizo solicitado polas seguintes circunstancias, sempre que sexan xustificadas: pasar a situación de desemprego ou outros motivos laborais; enfermidade grave dos pais, nais ou representantes legais; ou situación de nulidade, separación ou divorcio.

No acceso ás axudas seguirán tendo prioridade aqueles nenos e nenas que xa tivesen concedida a axuda no curso pasado, de xeito que se poida dar continuidade á súa escolarización, se seguen cumprindo os requisitos da orde.

Con respecto aos novos solicitantes, mantéñense os criterios da orde de cursos pasados: poderán pedir a axuda aquelas persoas con nenos e nenas de 0 a 3 anos que tiñan solicitado praza pública e non resultasen adxudicatarios, sempre e cando exercesen a opción polo cheque infantil cando a solicitaron. Tamén terán dereito a esta subvención aquelas persoas que residan en localidade onde non existan escolas infantís de 0 a 3 anos sostidas con fondos públicos.

Na orde enténdese como prazas sostidas con fondos públicos aquelas dependentes directamente da rede da Xunta, das corporacións locais ou ben aquelas de iniciativa social que son subvencionadas polo Goberno galego.

Este ano, ademais, adiántanse os prazos de presentación de solicitude co fin de que as resolucións poidan estar listas no mes de xullo. O prazo de inscrición abrírase a partir da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), que se prevé para a próxima semana.

Aposta polas escolas infantís

Esta orde de axudas complementa a orde de financiamento das escolas de iniciativa social que foi aprobada no anterior Consello da Xunta. Esta convocatoria destina en 2013 máis de 3 millóns de euros para manter unhas 2.700 prazas en escolas infantís, ás que agora se sumarán as que sexan financiadas polo cheque infantil.

A aposta polos centros de 0-3 anos reflíctese tamén no aumento da rede propia que leva realizando o Goberno galego nos últimos anos, e que ten marcado como obxectivo para esta lexislatura.

Ao longo da lexislatura anterior creáronse 3.000 prazas en escolas infantís. E, se se collen exclusivamente os datos da convocatoria do curso 2012/13, rexístrase un incremento de 406 prazas máis que o curso anterior, ata chegar a un total de 8.267 prazas da rede propia.

En total, o número de prazas 0-3 sostidas con fondos públicos este curso supera as 19.000, nas cales se contabilizan as da rede Galiña azul, das escolas municipais, de entidades de iniciativa social e do cheque infantil.

A XUNTA REGULARÁ POR PRIMEIRA VEZ EN GALICIA O TELETRABALLO E A FLEXIBILIDADE HORARIA DOS SEUS EMPREGADOS PÚBLICOS

- ***Ultima unha orde na cal tamén se introduce como novidade a posibilidade de que o empregado recupere, dentro da súa xornada, o tempo de traballo non realizado***
- ***Coa nova norma calquera traballador interesado poderá flexibilizar o seu horario por motivos de conciliación familiar e laboral ou outros***

O Consello da Xunta informou esta mañá sobre o proxecto de orde que regulará por primeira vez en Galicia o teletraballo e a compensación horaria dos empregados públicos autonómicos, co fin de facilitar a conciliación da súa vida familiar e laboral. Ademais destas novidades, o texto tamén establece os distintos tipos de xornadas e horarios laborais, así como a posibilidade de flexibilizalos, adaptándose ás necesidades do traballador.

Así, por regra xeral, a duración máxima da xornada de traballo é de trinta e sete horas e media semanais, agás nos supostos das xornadas de especial dedicación, que serán de corenta horas semanais.

En canto aos horarios, regúlanse tres tipos: xeral, flexible e especiais. O xeral será de 7,45 a 15,15 horas, de luns a venres; agás no caso do persoal clasificado como de libre designación, que estará sometido á dispoñibilidade horaria que determine a autoridade competente para a adxudicación do posto.

Pola súa banda, o flexible consiste nun horario de traballo non ríxido que se adapte ás necesidades do empregado público, dentro duns límites previamente acordados pola Administración e salvagardando, en todo caso, as necesidades do servizo.

O horario flexible poderá motivarse por razóns de conciliación da vida familiar e laboral - algo xa previsto na Lei para a igualdade de mulleres e homes, de 2004- ou por interese particular. Nesta última opción, nova na Administración autonómica galega, o horario constará dunha parte fixa, de 9 a 14 horas, e outra flexible, en que o empregado público poderá completar a súa xornada de traballo nun horario comprendido entre as 7 e 9 horas e as 14 e 18.30 horas. A concesión desta flexibilidade horaria estará supeditada sempre á cobertura das necesidades do servizo onde o persoal desenvolva o seu labor.

Pola súa banda, os horarios especiais estarán acordados polo centro directivo competente, atendendo á natureza do servizo prestado, e distinguen tres supostos. O primeiro é o relativo aos postos de traballo adscritos a unidades de información e atención cidadá, co fin de posibilitar o cumprimento do seu horario de funcionamento.

O segundo caso son os postos de traballo de apoio, de carácter técnico e administrativo, cando resulte máis axeitado para o desenvolvemento das funcións que, como novidade, terán un horario de mañá e tarde, de 9.00 a 14.00 horas e de 16.00 a 18.30 horas. O terceiro suposto refírese a unidades que o requiran polas peculiaridades das funcións que teñen asignadas.

A orde tamén introduce como novidade a figura da compensación horaria para permitir ao empregado público a posibilidade de recuperar, dentro da súa xornada laboral diaria, o tempo de traballo efectivo non realizado. Con esta medida os empregados públicos poderán compensar os eventuais atrasos na chegada ao seu posto de traballo. A compensación horaria será incompatible co gozo do horario flexible, en calquera das súas modalidades.

Teletraballo

Outra das novidades que introducirá esta nova orde é a posibilidade do teletraballo, a través da cal os empregados públicos desenvolverán as súas tarefas fóra das dependencias da Administración autonómica mediante o emprego das novas tecnoloxías, contribuíndo á conciliación da vida familiar e laboral e coa finalidade de acadar unha maior eficiencia na xestión pública.

Os empregados que se queiran acoller ao teletraballo deberán estar en situación de servizo activo, contar cunha antigüidade igual ou superior aos dous anos no posto de traballo para o que se solicita, e dispor dos medios técnicos para levalo a cabo: equipamento informático básico con acceso á internet, lector de tarxeta e teléfono móbil. Os ditos elementos non serán facilitados, en ningún caso, pola Xunta de Galicia.

Ademais, deberán desempeñar traballos que, pola súa natureza e características técnico-funcionais, sexan susceptibles de seren desenvolvidos baixo esta modalidade, tales como o estudo e análise de proxectos, a elaboración de informes, asesoría, redacción e tratamento de documentos, inspección, xestión de sistemas de información ou análise e deseño de sistemas de información.

En todo caso, as funcións que desenvolverá o teletraballador serán as mesmas que desempeña no seu posto de traballo habitual, salvo as ligadas á presenza física nas dependencias administrativas, a Administración poderá requirir a súa presenza nas dependencias administrativas se así é preciso polas necesidades do servizo. A concesión do teletraballo será incompatible co gozo dun horario flexible e coa compensación horaria regulados neste decreto.

A orde será de aplicación para o persoal funcionario e estatutario da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, así como para aquel que preste servizos nos organismos autónomos, entidades públicas empresariais e consorcios do sector público autonómico. O persoal laboral ao servizo das administracións públicas e entidades

instrumentais antes citadas rexerese -ademais de pola lexislación laboral e demais normas convencionalmente aplicables- polas disposicións do decreto que pola súa natureza lles sexa de aplicación.

MÁIS DE 500 EMPRESAS, O 50% PEQUENAS, OPTAN Á SEGUNDA CONVOCATORIA DO ININTERCONECTA, QUE MOBILIZARÁ 150 MILLÓNS DE EUROS

- *O programa suma 119 solicitudes de proxectos de innovación en sectores estratéxicos para a economía galega, un 30% máis que na primeira edición*
- *O Goberno galego achega un 20% das axudas, o que permite rebaixar a contía mínima dos proxectos a 1,5 millóns, facilitando a participación de pequenas e medianas empresas*
- *Na primeira convocatoria mobilizáronse máis de 61 millóns de euros a través de 26 proxectos nos cales participan 106 empresas*

Un total de 524 empresas galegas integran os 119 proxectos de innovación que concorren á segunda convocatoria do programa Feder-Innterconecta, cuxo prazo de solicitude acaba de rematar. Estas cifras, segundo recolle o informe presentado hoxe ao Consello da Xunta, supoñen un incremento do 30% no número de propostas con respecto á edición anterior. Así, a segunda convocatoria, dotada con 75 millóns e que se enmarca dentro da aposta estratéxica da Xunta pola innovación como clave para mellorar a competitividade dos sectores produtivos galegos, permitirá mobilizar 150 millóns entre investimento público e privado.

Neste sentido, cómpre salientar que o 50% das empresas participantes nos consorcios que presentaron proxectos son pequenas, cifra que se eleva ata o 70% se se consideran todas as pemes. Esta elevada porcentaxe é posible grazas ao esforzo da Xunta por achegar as condicións de acceso á realidade do tecido empresarial galego. Non en van, o Goberno galego achega un 20% das axudas, o que permite rebaixar a contía mínima dos proxectos a 1,5 millóns de euros desde os 5 millóns inicialmente previstos pola UE.

A través desta segunda fase do Innterconecta impulsaranse proxectos centrados, maioritariamente, en seis áreas estratéxicas da economía galega. O 23% correspóndese coas tecnoloxías da información e das comunicacións (TIC), con proxectos que teñen, pola súa vez, incidencia sobre outros sectores. O 17% teñen que ver co transporte, e a construción aglutina o 11% das propostas. Séguenlles a agroalimentación e a metalurxia e fabricación de produtos metálicos, co 9% dos proxectos en cada un dos dous casos. O 30% restante correspóndese con propostas en sectores de actividade variados.

Así mesmo, o programa, impulsado pola Axencia Galega de Innovación en colaboración co Centro para el Desarrollo Tecnológico Industrial (CDTI), suma 297 participacións de organismos de investigación, cuxa porcentaxe con respecto ao orzamento total dos proxectos presentados se eleva ao 19% -preto de catro puntos por riba da porcentaxe establecida como obrigatoria nas bases do programa-.

As solicitudes presentadas estanse comezando a avaliar, e está previsto que en arredor de tres meses se coñezan os beneficiarios. Os proxectos teñen que acreditar unha duración de dous anos e ser executados por consorcios formados por entre tres e dez empresas, cun mínimo do 15% do orzamento reservado para a subcontratación de centros tecnolóxicos e de investigación.

As axudas poden acadar o 65% para grandes empresas, o 75% para medianas e o 80% para pequenas, e teñen por finalidade contribuír a que ningún proxecto innovador xerado en Galicia quede sen executar por falta de financiamento.

As innovacións propostas deben ser de alto impacto e contar cun elevado compoñente tecnolóxico e cun alto potencial de internacionalización. Deste xeito, promóvese a colaboración entre as distintas administracións, o sector produtivo e aos axentes de innovación, e facilítase a creación de emprego cualificado. Unhas características que incorporan os 26 proxectos aprobados na primeira convocatoria do programa, no cal están a participar 106 empresas galegas xerando un investimento asociado superior aos 61 millóns de euros.

O PROGRAMA DE MELLORA NA ATENCIÓN A PACIENTES CRÓNICOS E POLIMEDICADOS BENEFICIA MÁIS DE 8.500 PERSOAS

- ***A súa implantación permitiu reducir nun 46% o número de pacientes con máis de 15 medicamentos prescritos de maneira crónica en Galicia***
- ***A maioría da poboación a seguimento neste programa son mulleres entre 71 e 90 anos***
- ***Mellorar a calidade, a seguridade asistencial e a prestación farmacéutica a este colectivo é o obxectivo do programa iniciado en 2011***

A conselleira de Sanidade informou hoxe, na reunión semanal do Consello, de que en febreiro de 2013 un total de 8.554 pacientes están en seguimento a través do Programa de mellora da calidade na atención a pacientes crónicos e polimedicados de Galicia. Como resultado deste programa, o número de pacientes con máis de 15 medicamentos prescritos de maneira crónica na historia clínica IANUS en Galicia reduciuse nun 46,6%.

A finalidade desta actuación, iniciada en febreiro de 2011, é mellorar a calidade, a seguridade asistencial e a prestación farmacéutica aos pacientes crónicos e polimedicados mediante o asesoramento sobre o uso de fármacos, educación sanitaria e a axeitada colaboración entre os profesionais sanitarios.

Rocío Mosquera tamén salientou que e 31 de decembro 2012 a cobertura do programa acadou o 79% poboación galega con máis de 15 medicamentos prescritos de forma crónica, superando os 7.400 pacientes en seguimento.

O patrón destes pacientes responde, fundamentalmente, a mulleres (63%), e pacientes de idade entre 71 e 90 anos (67%), destacando 404 pacientes con idades comprendidas entre os 91 e os 103 anos.

Nunha primeira fase, o programa tivo como poboación albo os pacientes crónicos e polimedicados, que tomaban máis de 15 medicamentos de forma continuada durante un período igual ou superior a 6 meses. Esta fase comezou no mes de abril de 2011 cunha pilotaxe de 6 meses que se desenvolveu en 11 centros de saúde distribuídos nas xerencias da nosa comunidade autónoma.

Neste momento, xa se está a traballar cos pacientes que teñen prescritos máis de 12 medicamentos e vaise seguir traballando ata alcanzar o número de seis medicamentos. Na actualidade está implantado en 131 servizos de atención primaria (94% de cobertura), correspondentes a 445 centros de saúde. A expansión continuará ata alcanzar a totalidade dos centros.

Mellorar o cumprimento terapéutico

O programa céntrase en detectar e resolver problemas relacionados co uso de medicamentos, mellorar o cumprimento terapéutico dos pacientes crónicos polimedicados e mellorar o coñecemento dos pacientes respecto do uso e indicacións dos medicamentos. As actuacións encamiñadas a mellorar a atención aos pacientes polimedicados deben planificarse desde unha abordaxe interdisciplinaria e multifactorial: a adherencia ao tratamento, a prescrición de medicamentos e as reaccións adversas.

Diversos estudos relacionan a polimedicación coa falta de adherencia, as interaccións medicamentosas e os efectos adversos. Todos estes factores e as súas consecuencias directas poderían ser responsables dun aumento do risco de ser hospitalizado, de sufrir caídas nos anciáns, de aumentar a morbilidade e a mortalidade.

Unha abordaxe interdisciplinaria e multifactorial deste problema potencialmente pode repercutir nun aumento da seguridade e dos niveis de saúde dos pacientes, e nunha diminución do gasto en medicamentos e recursos sanitarios.

A posta en marcha e desenvolvemento deste programa está recollida na Estratexia SERGAS 2014, formando parte da Estratexia Galega de Prevención e Atención ás Persoas con Enfermidades Crónicas, onde se prevé o desenvolvemento dun programa específico orientado a mellorar a saúde e a calidade de vida dos pacientes maiores polimedicados.

Cabe destacar que, con este programa, se iniciaron, de xeito paralelo, actividades formativas co obxectivo de que os profesionais sanitarios comprendan a importancia da polimedicación como elemento que inflúe na saúde dos pacientes e, así mesmo, facilitarlles ferramentas que melloren os seus coñecementos e habilidades na atención ao paciente maior polimedicado.

AS PROBAS PARA ACCEDER AOS CURSOS DOS CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE DESTE ANO ESTÁN DIRIXIDAS A 2.500 GALEGOS

- ***Tras o visto e praxe do Consello da Xunta hoxe, o Diario Oficial de Galicia convocará mañá a sétima convocatoria desta iniciativa da Consellería de Traballo e Benestar***
- ***Os exames terán lugar o 22 e 23 de xuño no Recinto Feiral de Silleda***
- ***Esta iniciativa permite acceder aos certificados a aquelas persoas que non posúen os requisitos académicos requiridos para cursalos***
- ***Preto de 11.000 persoas accederon desde 2009 a estas probas da Xunta que aprobaron de media un 80 por cento dos alumnos participantes***

A Consellería de Traballo e Benestar convocará mañá as probas de avaliación en competencias claves para poder acceder ás accións formativas dos novos certificados de profesionalidade. Este ano estímase que 2.500 galegos e galegas participen nestes exames dirixidos a aquelas persoas que non posúan os requisitos académicos requiridos para o acceso aos distintos niveis de cualificación dos certificados de profesionalidade. Deste xeito, mediante este proceso de avaliación específico, poderán demostrar que adquiriron os coñecementos requiridos para cursar os correspondentes módulos dos certificados.

En concreto, as probas serán para sete competencias ou materias: lingua galega, inglés, ciencia, tecnoloxía, dixital, matemáticas e lingua castelá.

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á convocatoria desta iniciativa.

O *Diario Oficial de Galicia* publicará mañá a sétima convocatoria destas probas que terán lugar no Recinto Feiral de Silleda so días 22 e 23 de xuño. Os exames serán para os niveis 2 e 3 e, como novidade este ano, o acceso a este procedemento poderá realizarse a través da sede electrónica da Xunta.

O procedemento de avaliación de competencias é unha ferramenta das políticas activas no eido do emprego que promoven as cualificacións profesionais das persoas e a aprendizaxe ao longo da vida. Polo tanto, estas probas teñen como obxectivo incrementar a calidade da formación, axustala á demanda de cualificación profesional requirida e mellorar as posibilidades de inserción profesional dos participantes.

A posta en marcha desta iniciativa responde á renovación que desde 2009 se vén realizando en toda a oferta de formación para o emprego, con base nos novos certificados de profesionalidade. Unha das principais novidades que introducen estes módulos é a de exixir uns requisitos de acceso para os alumnos, requisitos que aseguren, deste xeito, que contan cunha formación mínima para seguir con aproveitamento a actividade.

En definitiva, con este fin puxéronse en marcha as probas de avaliación en competencias clave que permiten acceder a estes cursos a aquelas persoas que non poidan acreditar posuír a formación básica necesaria para optar a eles.

Desde 2009 preto de 11.000 alumnos e alumnas participaron neste proceso que convoca a Dirección Xeral de Emprego e Formación que de media acostuman aprobar un 80 por cento dos participantes. Toda a información que se precise ao respecto destas probas pode consultarse na web <http://traballo.xunta.es/portada-competencias-clave>.

GALICIA ESTÁ OFICIALMENTE LIBRE DE BRUCELOSE OVINA E CABRÚA, SEGUNDO DECLARA A COMISIÓN EUROPEA

- ***O Consello da Xunta analizou hoxe o informe da Consellería do Medio Rural e do Mar que constata esta situación de máxima calidade sanitaria***

A Comunidade de Galicia está oficialmente libre de brucelose ovina e cabrúa, segundo declara a Comisión Europea. O Consello da Xunta analizou hoxe un informe da Consellería do Medio Rural e do Mar que constata esta situación de máxima calidade sanitaria.

Coa erradicación desta enfermidade, o gando galego e os seus produtos acadan mellores posibilidades de comercialización e maior flexibilización en algunhas medidas sanitarias. Así, os controis no movemento de animais dentro de Galicia -e entre comunidades- reduciranse ao 10%, fronte ao 100% que se esixía antes desta declaración.

Desde os anos 70, Galicia comezou a aplicar medidas de profilaxe e vixilancia, asumindo a Xunta a execución directa das campañas de saneamento gandeiro no ano 1988. Dous anos despois, a Administración publicou a orde sobre medidas para erradicar a brucelose no gando ovino e cabrún e as explotacións incorporáronse ao Rexistro de Explotacións Gandeiras para garantir a súa rastrexabilidade, procedendo ao rexistro e control dos movementos e identificando individualmente os animais.

Cos controis adoptados, a prevalencia da enfermidade pasou do 2,41% en 1992 ao 0,00% en 2007, ano en que se acadou a súa erradicación. En outubro de 2012 Galicia presentou ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente o expediente de solicitude de declaración de Galicia como rexión oficialmente indemne de brucelose ovina e cabrúa, quedando así declarada pola Comisión Europea o pasado 10 de abril. A *Brucella melitensis* pode chegar a infectar as persoas pola inxesta de produtos animais contaminados ou por contacto directo cos animais infectados.

O número de efectivos en Galicia de gando ovino e cabrún chega a máis de 23.500 rabaños e 288.916 animais. Sendo a media por rabaño é de 12 animais fronte aos 161 da media de España, xa que en Galicia a maior parte das explotacións son mixtas familiares.